Para os demandantes de traballo non parados, o peso relativo dos menores de 26 anos é do 6,1%, tras descender no último ano o -0,3%; o peso relativo das persoas de 26 a 35 anos é do 6,2%, minguando no último ano o -1,3%; para as persoas de 36 a 45 anos o peso relativo é do 5,4%, e descendeu ese peso no último ano o -0,1%; o peso relativo das persoas de 46 a 55 anos é do 4,5%, cun crecemento no último ano do 0,2%; por último; o peso relativo das persoas de 56 ou máis anos é do 4,4%, incrementándose no último ano o 0,3%.

As demandas realizadas polos homes parados representan o 37,4% fronte ao 62,6% das realizadas por mulleres, que se sitúan a -0,5 puntos do valor galego. En relación co conxunto de Galicia, presentan maior peso os intervalos de maior idade: o de maiores de 55 sitúase 5,8 puntos por enriba, e o intervalo de 46 a 1,9 puntos. Pola contra, o intervalo de 26 a 35 anos está -4,1 puntos por debaixo do galego; o intervalo de 36 a 45, -1,8 puntos e o de menores de 26 -1,7 puntos.

TÁBOA 8: Demandantes non parados da PROVINCIA de OURENSE por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes non parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	677	932	1.609
De 26 a 35 anos	595	1.037	1.632
De 36 a 45 anos	469	946	1.415
De 46 a 55 anos	399	794	1.193
De 56 ou máis anos	586	587	1.173
TOTAL	2.726	4.296	7.022

As demandas realizadas por ocupados distribúense entre o 38,8% que realizan homes e o 61,2% que realizan mulleres, valor este último 5,2 puntos superior ao galego. Por idades destaca o peso relativo do intervalo de 26 a 35 anos, que se sitúa a -2,5 puntos do galego. Tamén é máis baixo o de maiores de 55, a -0,7 puntos de distancia. Superiores aos valores galegos son: o intervalo de 36 a 45 anos, 1,5 puntos; os menores de 26, 1 punto; e o intervalo de 46 a 55 anos, 0,7 puntos.

O 48,9% dos demandantes parados da provincia levan máis dun ano en situación de desemprego. Este peso relativo é superior ao galego en 7 puntos porcentuais. O 34,3% levan en desemprego menos de seis meses, valor a unha distancia de -6,7 puntos do galego. O 16,8% restante leva entre seis meses e un ano en situación de desemprego, sendo este valor inferior ao galego, cunha distancia de -0,2 puntos porcentuais.

TÁBOA 9: Demandantes parados da PROVINCIA de OURENSE por sexo e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Homes	3.000	1.318	2.940	7.258
Mulleres	3.658	1.935	6.563	12.156
TOTAL	6.658	3.253	9.503	19.414

A porcentaxe de mulleres é superior nas tres categorías segundo o tempo de busca de emprego. Representan un 54,9% dos parados de menos de seis meses de duración; un 59,5% dos de seis meses a un ano; e un 69,1% dos parados de máis dun ano de duración.

TÁBOA 10: Demandantes parados da PROVINCIA de OURENSE por intervalos de idade e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menos de 26 anos	1.576	397	294	2.267
De 26 a 35 anos	2.014	898	1.422	4.334
De 36 a 45 anos	1.472	759	1.763	3.994
De 46 a 55 anos	1.032	672	2.668	4.372
De 56 ou máis anos	564	527	3.356	4.447
TOTAL	6.658	3.253	9.503	19.414

Destacan os pesos relativos dos menores de 26 anos que levan menos de seis meses en desemprego, cun 69,5%; así como os maiores de 55 anos que levan máis dun ano nesta situación, e que suman o 75,5% deste intervalo de idade.

5.3.2.- Demandas por formación académica

TÁBOA 11: Demandantes de traballo da **PROVINCIA de OURENSE** por situación laboral e formación académica.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados ata certificado escolar	8.594	8.653
Parados titulación de ensino obrigatorio	5.408	5.146
Parados BUP/bacharelato superior/COU	2.188	1.878
Parados formación profesional	2.198	2.096
Parados titulación universitaria e outras titulacións	1.844	1.641
Non parados ata certificado escolar	2.318	2.284
Non parados titulación de ensino obrigatorio	1.997	1.827
Non parados BUP/bacharelato superior/COU	1.208	1.117
Non parados formación profesional	1.122	947
Non parados titulación universitaria e outras titulacións	1.098	847
Ata certificado escolar	10.912	10.937
Titulación de ensino obrigatorio	7.405	6.973
BUP/bacharelato superior/COU	3.396	2.995
Formación profesional	3.320	3.043
Titulación universitaria e outras titulacións	2.942	2.488
TOTAL	27.975	26.436

As demandas realizadas por persoas con formación académica ata certificado escolar son as únicas que experimentan un aumento no último ano, aínda que só dun 0,2%. Diminúen as realizadas por titulados universitarios, nun -15,4%; as de BUP/bacharelato/COU, nun -11,8%; as de formación profesional, nun -8,3%; e as titulacións de ensino obrigatorio, nun -5,8%.

No conxunto das demandas, o 41,4% son realizadas por persoas con titulación ata certificado escolar; o 26,4% por titulados de ensino obrigatorio; o 11,5% titulados de formación profesional; 11,3% titulados de BUP/bacharelato/COU; e o 9,4% restante por persoas con titulación universitaria.

O peso relativo de todas as categorías diminuíu no último ano, salvo o de titulados ata certificado escolar, que aumentou un 2,4%. O peso relativo das demandas de titulados universitarios presenta unha variación no último ano de -1,1%; -0,8 o dos titulados de BUP/bacharelato/COU; -0,4 os de formación profesional; e -0,1 os titulados de ensino obrigatorio.

TÁBOA 12: Demandantes de traballo da PROVINCIA de OURENSE por situación laboral e grandes sectores de actividade.

5.3.3.- Demandas por grandes sectores de actividade

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados sector primario	514	585
Parados sector secundario	3.388	3.165
Parados sector construción	2.540	2.373
Parados sector servizos	10.653	10.583
Parados sen emprego anterior	3.137	2.708
Non parados sector primario	177	185
Non parados sector secundario	987	938
Non parados sector construción	780	700
Non parados sector servizos	4.345	3.790
Non parados sen emprego anterior	1.454	1.409
Sector primario	691	770
Sector secundario	4.375	4.103
Sector construción	3.320	3.073
Sector servizos	14.998	14.373
Sen emprego anterior	4.591	4.117
TOTAL	27.975	26.436

No último ano só medra o número de demandantes correspondente ao sector primario, nunha porcentaxe do 11,4%. Os restantes sectores descenden: -10,3% de variación anual nos demandantes sen emprego anterior; -7,4% no sector da construción; -6,2% no sector secundario; e -4,2% no sector servizos.

No último ano, o peso relativo das demandas no sector servizos é do 54,4%, seguíndolle os demandantes sen emprego anterior, cun 15,6%; o sector secundario, cun 15,5%; o da construción, cun 11,6%; e o sector primario, cun 2,9%.

A variación anual dos pesos relativos é de signo positivo no sector servizos, que aumenta un 0,8%; e no primario, cun incremento de 0,4%. Cae o peso relativo dos demais sectores, no que respecta ás demandas de emprego, cos seguintes valores: -0,8% nos demandantes sen emprego anterior; -0,2% no sector da construción; e -0,1% no secundario.

5.4.- Contratos

A contratación provincial no último ano incrementouse nun 5,3%. A tendencia do quinquenio é dun crecemento de maior intensidade: do 6,8%.

Os contratos realizados na provincia no último ano representan o 7,8% dos asinados en Galicia. Neste último ano descendeu o seu número discretamente, o -0,1%, mentres que no quinquenio a tendencia foi de lixeiro ascenso: 0,1%.

5.4.1.- Contratación por sexo e idade

TÁBOA 13: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
sexo.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Homes	30.420	30.405	31.219	33.179	33.966
Mulleres	21.108	22.407	23.992	27.328	29.750
TOTAL	51.528	52.812	55.211	60.507	63.716

Para os homes no último ano prodúcese un aumento do 2,4% e a tendencia do quinquenio reflíctese nun crecemento superior, do 3,4%. No caso das mulleres, o aumento da contratación é máis acusado, xa que no último ano crece un 8,9% e no quinquenio un 12,2%.

A contratación masculina no último ano do quinquenio representa o 53,3% e a feminina o 46,7%. Para os homes, a variación no último ano é descendente, do -1,5% e a tendencia do quinquenio é do -1,4%. Para o colectivo feminino, a variación do último ano é de 1,5% e a tendencia do quinquenio é de 1,4%.

TÁBOA 14: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
intervalos de idade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Menos de 26 anos	18.704	18.450	18.833	19.866	20.380
De 26 a 35 anos	16.705	17.458	18.308	20.066	21.398
De 36 a 45 anos	9.389	9.845	10.523	12.263	12.996
De 46 a 55 anos	5.116	5.321	5.672	6.170	6.566
De 56 ou máis anos	1.614	1.738	1.875	2.142	2.376
TOTAL	51.528	52.812	55.211	60.507	63.716

Na provincia, a contratación aos menores de 26 anos ascendeu un 2,6% no último ano e un 2,7% no quinquenio. Para as persoas entre 26 e 35 anos incrementouse un 6,6% no último ano e un 7,9% no quinquenio. Para as persoas entre 36 e 45 anos ascendeu un 6% no último ano e un 11,9% no quinquenio. Para as persoas entre 46 a 55 anos ascendeu un 6,4% no último ano e un 8,1% no quinquenio. Por último, os maiores incrementos relativos producíronse para as persoas de 56 ou máis anos, xa que os contratos ascenderon un 10,9% no último ano e un 14,1% no quinquenio.

O peso relativo dos contratos aos menores de 26 anos é do 32%; no último ano descenden o -0,8% e no quinquenio o -1,1%. Para as persoas entre 26 e 35 anos o seu peso relativo é do 33,6%; no último ano incrementase o 0,4% e no quinquenio o 0,3%. Para as persoas entre 36 e 45 anos o peso relativo é do 20,4%; no último ano medra o 0,1% e no quinquenio o 0,5%. Para as persoas entre 46 e 55 anos o peso relativo é do 10,3%; no último ano e no quinquenio creceu o 0,1%. Para as persoas de 56 anos e maiores, o seu peso relativo é do 3,7%; no último ano incrementase o 0,2% e no quinquenio o 0,1%.

TÁBOA 15: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
sexo e intervalos de idade.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	11.015	9.365	20.380
De 26 a 35 anos	10.911	10.487	21.398
De 36 a 45 anos	6.364	6.632	12.996
De 46 a 55 anos	3.969	2.597	6.566
De 56 ou máis anos	1.707	669	2.376
TOTAL	33.966	29.750	63.716

O peso relativo dos contratos realizados aos homes nesta provincia atópase a unha distancia de -0,3 puntos da porcentaxe galega do 53,6%. O peso relativo da contratación feminina provincial supera en 0,3 puntos o valor medio de Galicia, do 46,4%.

Por grupos de idade, os pesos relativos dos contratos asinados por persoas menores de 26 anos supera en 0,2 puntos o valor medio de Galicia para este colectivo; o peso relativo da contratación realizada ás persoas de 26 a 35 anos sitúase a -3,5 puntos porcentuais por baixo da porcentaxe galega para o grupo de idade; os pesos relativo dos contratos realizados ás persoas de 36 a 45 anos, de 46 a 55 anos e de 56 ou máis anos superan ás porcentaxes correspondentes, con valores respectivos do 1,5%, 0,9% e 1%.

5.4.2.- Contratación por sectores de actividade

TÁBOA 16: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
sectores de actividade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	1.159	1.287	1.416	1.504	1.256
Electricidade	137	153	144	135	136
Industria	8.954	8.851	8.470	8.093	8.713
Construción	8.310	8.523	8.274	8.449	8.915
Comercio e hostalaría	11.294	11.522	12.706	13.592	14.538
Transporte e comunicacións	1.464	1.458	1.643	3.112	3.664
Outros servizos	20.210	21.018	22.558	25.622	26.494
SECTOR PRIMARIO	1.159	1.287	1.416	1.504	1.256
SECTOR SECUNDARIO	9.091	9.004	8.614	8.228	8.849
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.310	8.523	8.274	8.449	8.915
SECTOR SERVIZOS	32.968	33.998	36.907	42.326	44.696

Os dous sectores que experimentan unha maior variación no último ano son o primario, cun descenso do -16,5%, e o de transporte e comunicacións, cun crecemento do 17,7%. Medra tamén a contratación nos sectores da industria, un 7,7%; o comercio e hostalaría, un 7%; e a construción, un 5,5%. Outros servizos experimenta un crecemento máis discreto, dun 3,4%.

Na tendencia do quinquenio destaca o crecemento da contratación no sector de transporte e comunicacións, que ascende un 133,9%, valor moi superior ao experimentado no último ano. O sector de comercio e hostalaría presenta unha tendencia quinquenal non moi distante da variación do último ano: un 8,4% de crecemento no quinquenio, fronte ao 7% de variación anual. Outros servizos presenta unha tendencia positiva para o quinquenio, cun valor de 9,5%, 6 puntos por enriba da variación anual. Tamén é positiva, aínda que con valores inferiores aos rexistrados no último ano, a tendencia do sector da construción, un 1,4% no quinquenio, inferior ao 5,5% anual. O sector secundario experimenta unha tendencia negativa de -1,4%, a pesar de mostrar valores positivos de variación anual.

O volume de contratos rexistrados no último ano presenta unha concentración nos sectores doutros servizos, que representa o 41,6% dos contratos, e comercio e hostalaría, que representa o 22,8%. Tamén é destacado o peso relativo do sector da construción, cun 14%, e secundario, cun 13,7%. Transporte e comunicacións supón o 5,8% dos contratos na provincia e o sector primario o 2%.

No último ano, o peso relativo da construción mantívose nos mesmos valores. Mudou positivamente o peso relativo do sector de transporte e comunicacións, o comercio e hostalaría e o secundario, con valores de crecemento de 0,6%, do 0,4% e do 0,3% respectivamente. O peso do sector primario baixou nun -0,5% e o doutros servizos nun -0,8%.

Cunha perspectiva temporal maior, se comparamos a variación anual coa tendencia do quinquenio, o sector onde a pauta é máis estable é o de transporte e comunicacións, cunha variación quinquenal de 0,7%, só unha décima por riba do valor de variación anual; e o de comercio e hostalaría, que presenta unha variación quinquenal dúas décimas maior que a variación anual, 0,4%. O sector primario conserva valores negativos para ambos os períodos, malia que a tendencia do quinquenio é dunha caída máis moderada, un -0,1%. No caso do secundario, a variación anual positiva contrasta cunha tendencia quinquenal negativa, de -0,9%. Ao contrario sucede co sector outros servizos, que experimenta unha caída relativa no último ano, mentres a súa tendencia quinquenal é de 0,6%.

TÁBOA 17: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
sectores de actividade e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Agricultura e pesca	890	366	1.256
Electricidade	84	52	136
Industria	5.545	3.168	8.713
Construción	8.222	693	8.915
Comercio e hostalaría	5.635	8.903	14.538
Transporte e comunicacións	2.135	1.529	3.664
Outros servizos	11.455	15.039	26.494
SECTOR PRIMARIO	890	366	1.256
SECTOR SECUNDARIO	5.629	3.220	8.849
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.222	693	8.915
SECTOR SERVIZOS	19.225	25.471	44.696

Nesta provincia o 33,7% dos contratos realizados a homes corresponden ao sector outros servizos, e o 24,2% ao da construción. Entre os dous sectores superan o 50% da contratación masculina. Comercio e hostalaría concentra o 16,6% dos contratos a homes e o secundario o 16,5%. Con menor peso sitúanse transporte e comunicacións, 6,3% e o sector primario, 2,6%.

Para o caso da contratación de mulleres a concentración sectorial é aínda maior: o 50,6% dos contratos emprázanse no sector de outros servizos e o 29,9% no comercio e hostalaría. Entre os dous sectores acadan o 80% da contratación feminina. O secundario representa o 10,6% dos contratos a mulleres, sendo o peso dos restantes sectores moito menor: transporte e comunicacións 5,1%; construción 2,3% e primario 1,2%.

TÁBOA 18: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
sectores de actividade e
intervalos de idade.

	Contratos					
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	TOTAL
Agricultura e pesca	313	320	310	228	85	1.256
Electricidade	30	51	31	14	10	136
Industria	2.736	3.162	1.774	808	233	8.713
Construción	2.369	2.539	2.040	1.408	559	8.915
Comercio e hostalaría	5.677	4.906	2.544	1.050	361	14.538
Transporte e comunicacións	561	1.169	1.273	500	161	3.664
Outros servizos	8.694	9.251	5.024	2.558	967	26.494
SECTOR PRIMARIO	313	320	310	228	85	1.256
SECTOR SECUNDARIO	2.766	3.213	1.805	822	243	8.849
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.369	2.539	2.040	1.408	559	8.915
SECTOR SERVIZOS	14.932	15.326	8.841	4.108	1.489	44.696

Para o colectivo de menores de 26 anos, o 42,7% dos contratos realízanse no sector outros servizos. O 27,9% corresponden ao sector de comercio e hostalaría. É significativo o peso do sector secundario, cun 13,5% dos contratos; e da construción, cun 11,6%. Moita menos contratación acollen os sectores de transporte e comunicacións, 2,8% e primario, 1,5%.

O colectivo de 26 a 35 anos presenta unha distribución próxima á dos de menor idade, cun peso relativo maior dos contratos no sector outros servizos, 43,2%, e algo menor no comercio e hostalaría, 22,9%. Os contratos no sector secundario supoñen o 15% e na construción o 11,9%. Transporte e comunicacións ascende a un 5,5%, e o sector primario a un 1,5%, todos eles valores superiores ao colectivo de menor idade.

Os contratos realizados a persoas entre 36 e 45 anos presentan unha distribución por sectores onde decrece o peso doutros servizos, 38,7%, e de

comercio e hostalaría, 19,6%, en favor do maior peso da construción, 15,7%. Tamén son máis altos con respecto dos colectivos de menor idade os valores de transporte e comunicacións, 9,8% e dos contratos do sector primario, 2,4%. O sector secundario representa o 13,9%.

Para as persoas de entre 46 e 55 anos, o primeiro sector por número de contratos segue a ser outros servizos, cun 39%, pero en segundo lugar aparece o sector da construción, cun 21,4%. O comercio e hostalaría supón un 16%; o secundario un 12,2%; o transporte e comunicacións un 7,6% e o primario un 3,5%.

Para os maiores de 55 anos, outros servizos é o sector con maior peso de contratación, cun 40,7%, sendo o segundo sector por peso relativo o da construción, cun 23,5% dos contratos. O valor de comercio e hostalaría é do 15,2%, seguido do secundario, cun 10,2%, transporte e comunicacións, cun 6,8%, e primario cun 3,6% dos contratos.

5.4.3.- Contratación por tipos de contrato

TÁBOA 19: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
tipos de contrato.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Indefinido tempo completo	4.684	4.540	4.657	4.898	6.035
Indefinido tempo parcial	658	1.016	964	1.027	1.165
Temporal	23.380	35.331	36.944	40.601	41.348
Temporal tempo parcial	19.451	8.498	9.331	10.920	11.660
Prácticas/ Formación	2.104	2.522	2.438	2.171	2.422
Outros	1.251	905	877	890	1.086
TOTAL	51.528	52.812	55.211	60.507	63.716

A contratación indefinida a tempo completo experimentou, no último ano, o maior crecemento, o 23,2%; a súa tendencia para o quinquenio tamén foi positiva, pero neste caso do 7,6%. Os contratos indefinidos a tempo parcial incrementáronse no último ano no 13,4%, a intensidade de crecemento máis alta do quinquenio, do 15,6%. A modalidade temporal a tempo completo é a que menos medrou no último ano: 1,8%, pero a de máis intensidade de crecemento para o quinquenio, 17,8%. Os contratos temporais a tempo parcial creceron no último ano o 6,8%, mentres que no quinquenio descendieron o -8,3%. A contratación en prácticas/formación ascendeu no último ano un 11,6%, sendo a tendencia do quinquenio de crecemento moi moderado, do 1,3%. As outras formas de contratación medraron de xeito significativo no último ano: o 22%, pero a tendencia do quinquenio foi negativa, do -3,1%.

O peso relativo dos contratos indefinidos sobre o total das diversas modalidades de contratación é do 9,5%, peso relativo que ascendeu no último ano nun 1,4%; durante o quinquenio o incremento foi moi lixeiro, tan só do 0,1%. A contratación indefinida a tempo parcial só representa o 1,8%; para o último ano e para o quinquenio o crecemento deste peso é moi discreto, do 0,1%. A maioría dos contratos asinados na provincia, o 64,9%, son temporais a tempo completo; constitúen a única modalidade que descendeu a súa representación no último ano: -2,2%, aínda que a tendencia do quinquenio é positiva, así como a máis alta de todas as modalidades: 4,9%. Os contratos temporais a tempo parcial representan o 18,3%; a súa presenza creceu no último ano un 0,3%; a tendencia do quinquenio é de descenso: -4,9%, o descenso máis acusado de todas as modalidades. Os contratos en prácticas/formación supoñen o 3,8%; ascenderon no último ano o 0,2% e no quinquenio descendieron o -0,1%. As outras modalidades contractuais representan o 1,7%; ascenderon o 0,2% no último ano e descendieron o -0,2% no quinquenio.

TÁBOA 20: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
tipos de contrato e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Indefinido tempo completo	3.643	2.392	6.035
Indefinido tempo parcial	296	869	1.165
Temporal	23.709	17.639	41.348
Temporal tempo parcial	3.886	7.774	11.660
Prácticas / Formación	1.451	971	2.422
Outros	981	105	1.086
TOTAL	33.966	29.750	63.716

Analizando os tipos de contrato segundo o sexo, obsérvase que na modalidade de contratación indefinida a tempo completo predominan os homes sobre as mulleres nunha porcentaxe do 60,4%, o que supón 7,1 puntos porcentuais por riba da media total masculina, do 53,3%. Para os contratos indefinidos a tempo

parcial, o colectivo feminino é o maioritario: 74,6%, superando en 27.9 puntos porcentuais a media total feminina, do 46,7%. Para os contratos temporais a tempo completo, os homes representan o 57,3%, o que supón 4 puntos porcentuais enriba da súa media total. Nos contratos temporais a tempo parcial as mulleres superan os homes, xa que a porcentaxe que lle corresponde a este colectivo é do 66,7%, 20 puntos porcentuais enriba da media total. No caso dos contratos en prácticas/formación predomina o colectivo masculino, co 59,9%, superando en 6,6 puntos porcentuais a media total masculina. Para as outras modalidades de contratación, os homes representan o 90,3%, superior en 37 puntos porcentuais á media total. As mulleres predominan en todos aqueles tipos de contrato con xornadas a tempo parcial.

**TÁBOA 21: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
tipos de contrato e intervalos
de idade.**

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Indefinido tempo completo	1.298	2.406	1.344	745	242	6.035
Indefinido tempo parcial	288	411	277	133	56	1.165
Temporal	12.465	14.160	8.797	4.343	1.583	41.348
Temporal tempo parcial	4.437	3.835	2.138	961	289	11.660
Prácticas/Formación	1.799	267	162	135	59	2.422
Outros	93	319	278	249	147	1.086
TOTAL	20.380	21.398	12.996	6.566	2.376	63.716

Nos contratos indefinidos a tempo completo predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 39,9%, superando en 6,3 puntos porcentuais a media total para este grupo de idade, de 33,6%; séguenlles as persoas de 36 a 45 anos, co 22,3%, e as persoas menores de 26 anos, co 21,5%.

En canto aos contratos indefinidos a tempo parcial, predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 35,3%, 1,7 puntos porcentuais superior á media total para o grupo de idade; séguenlles as persoas menores de 26 anos, co 24,7%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 23,8%.

Para os contratos temporais a tempo completo predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 34,2%, o que supón menos dun punto porcentual por riba da media total para o grupo; séguenlles os menores de 26 anos co 30,1% e as persoas de 36 a 45 anos co 21,3%.

Na contratación temporal a tempo parcial predominan as persoas menores de 26 anos co 38,1% dos contratos, o que supón 6,1 puntos porcentuais por riba da media total; séguenlles as persoas de 26 a 35 anos co 32,9% e as persoas de 36 a 45 anos co 18,3%.

Nos contratos en prácticas/formación destacan as persoas menores de 26 anos, co 74,3%, superando en 24,7 puntos porcentuais da media total; séguenlles a moita distancia as persoas de 26 a 35 anos, co 11%.

**TÁBOA 22: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
tipos de contrato e sectores de
actividade.**

	Contratos							
	Agricultura e pesca	Electricidade	Industria	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros Servizos	TOTAL
Indefinido tempo completo	102	15	1.596	607	2.129	310	1.276	6.035
Indefinido tempo parcial	23	X	108	34	507	39	453	X
Temporal	992	104	6.204	7.447	7.741	2.863	15.997	41.348
Temporal tempo parcial	69	14	427	326	3.451	435	6.938	11.660
Prácticas/Formación	70	X	373	496	704	16	761	X
Outros	0	0	X	X	6	X	1.069	1.086
TOTAL	1.256	136	X	X	14.538	X	26.494	63.716

Os contratos indefinidos a tempo completo nesta provincia son máis frecuentes no comercio e hostalaría, co 35,3%; séguenlle a industria, co 26,4%, e os outros servizos, co 21,1%. No caso da contratación indefinida a tempo parcial, prodúcese unha grande incidencia no comercio e hostalaría, co 43,5%; séguelle os outros servizos, co 38,9%. Os contratos temporais a tempo completo son asinados maioritariamente no sector outros servizos, co 38,7%; séguenlle o comercio e hostalaría, co 18,7%, e a construción, co 18%. Os contratos temporais a tempo parcial son máis frecuentes nos outros servizos, co 59,5%, seguidos dos do comercio e hostalaría, co 29,6%. Os contratos en prácticas/formación destacan nos outros servizos, co 31,4%; a continuación están o comercio e hostalaría, co 29,1%, e a construción co 20,5%. As outras modalidades contractuais concéntranse nos outros servizos, co 98,4%. O sector da electricidade obtén as porcentaxes máis baixas de contratación para todas as modalidades.

5.4.4.- Contratación por ocupacións

TÁBOA 23: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
grupo de ocupación.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Dirección de empresas e de administracións públicas	195	183	152	129	129
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.411	3.715	4.131	4.471	4.851
Técnicos e profesionais de apoio	2.447	2.593	2.738	3.209	3.583
Empregados de tipo administrativo	4.743	4.354	4.363	5.855	6.304
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	10.506	11.998	12.699	15.300	16.116
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	843	763	976	737	743
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	7.752	7.579	7.606	7.780	8.299
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.332	6.733	6.635	6.492	6.909
Traballadores non cualificados	15.299	14.894	15.911	16.534	16.782
TOTAL	51.528	52.812	55.211	60.507	63.716

Todos os grupos de ocupación salvo o de dirección de empresas e de administracións públicas, que permanece estable, experimentan unha variación positiva no último ano. Destaca o aumento dos contratos no grupo de ocupación de técnicos e profesionais de apoio, cunha variación anual de 11,7%, así como os contratos a técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 8,5%, ou os empregados de tipo administrativo, cun 7,7%. Tamén destacan as variacións anuais nos grupos de ocupación de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cunha variación anual do 6,7%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 6,4%; e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 5,3% de variación anual. Variación máis discreta presentan os grupos de traballadores non cualificados, un 1,5%; e traballadores cualificados na agricultura e na pesca, un 0,8%.

Aínda que as variacións anuais mostran valores positivos ou estables, existen dous grupos de ocupación onde a tendencia do quinquenio é negativa: un é o de dirección de empresas e de administracións públicas, cunha tendencia quinquenal de -8,7%; o outro é o de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun -2,6%. Os grupos que presentan unha variación anual menor que a tendencia do quinquenio son o de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cunha tendencia quinquenal de 12%, tres puntos e medio por enriba da variación anual; técnicos e profesionais de apoio, cunha tendencia quinquenal de 14,1%, 2,4 puntos superior á variación anual; empregados de tipo administrativo, cunha tendencia de 16,2%, máis de dez puntos superior á variación anual; e o de traballadores non cualificados, cunha tendencia quinquenal de 3,2%, fronte a unha variación anual de 1,5%. Hai dous grupos nos que a variación anual é superior á tendencia do quinquenio; nos dous casos a variación anual sitúase entre os 6 e os 7 puntos, mentres que a tendencia quinquenal está entre 1 e 2 puntos: o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría e o grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores.

O peso relativo que representa cada grupo de ocupación nos contratos realizados no último ano ofrécenos unha distribución en tres categorías: os grupos de maior peso, os grupos de peso moderado e os grupos de menor peso. Os dous

grupos englobados nos de maior peso son o de traballadores non cualificados, onde se inscriben o 26,3% dos contratos do último ano, e o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, que representa un 25,3% dos contratos. Na segunda categoría, de peso moderado, están o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, co 13% dos contratos; o grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 10,8%; e o grupo de empregados de tipo administrativo, co 9,9% dos contratos. Na última categoría, de menor peso, sitúanse o grupo de técnicos e profesionais de apoio, co 5,6%; e o grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, o 1,2% dos contratos.

A variación que experimenta o peso relativo de cada grupo de ocupacións durante o último ano é moi discreta, con valores positivos que non superan o 0,3% (experimentado polo grupo de técnicos e profesionais de apoio), e valores negativos que non baixan máis alá do -0,1% (caso dos traballadores cualificados na agricultura e na pesca, e do grupo de traballadores non cualificados). Empregados de tipo administrativo e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría experimentan unha variación anual do 0,2% no seu peso relativo. Esta variación é do 0,1% para o grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores. A contratación no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio non presentavariación anual ningunha.

As tendencias quinquenais amosan valores moi parellos á variación anual. Os grupos ocupacionais que ofrecen maior diferenza entre a variación anual e a tendencia do quinquenio son: operadores de instalacións de maquinaria, e montadores, cunha tendencia negativa en -0,4%, cinco décimas por debaixo da variación anual; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cunha tendencia de -0,5, seis décimas por debaixo da variación no último ano; con signo contrario, mentres o peso do grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio permanecía estable no último ano, a súa tendencia quinquenal era positiva en 1,2%. Os restantes grupos ocupacionais mostran os mesmos valores, ou moi semellantes, na variación anual e na tendencia quinquenal, mantendo o seu signo (positivo/negativo) e con distancias máximas de dúas décimas.

TÁBOA 24: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
grupos de ocupación e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Dirección de empresas e de administracións públicas	86	43	129
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	2.326	2.525	4.851
Técnicos e profesionais de apoio	1.730	1.853	3.583
Empregados de tipo administrativo	1.627	4.677	6.304
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	4.724	11.392	16.116
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	508	235	743
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	7.583	716	8.299
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	5.351	1.558	6.909
Traballadores non cualificados	10.031	6.751	16.782
TOTAL	33.966	29.750	63.716

Para unha análise do peso relativo de ambos os sexos nos contratos realizados en cada grupo de ocupación, imos tomar como referencia as porcentaxes globais. Podemos identificar o grupo de ocupacións onde o peso relativo das mulleres se sitúa moi por riba da porcentaxe global de contratos a mulleres. Sería o caso dos grupos de empregados de tipo administrativo, cun 74,2% de contratos; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 70,7%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 52,1%, e técnicos e profesionais de apoio, cun 51,7% de contratos realizados a mulleres.

Nos restantes grupos de ocupacións, a contratación de homes supera a media global. Destaca, sobre todo, o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, grupo no que o 91,4% dos contratos se realizan a homes. Séguenlle, por peso relativo da contratación masculina, o grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 77,4%; o de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 68,4%; e o de dirección de empresas e de administracións públicas, cun 66,7% dos contratos. O grupo de traballadores non cualificados tamén presenta un nesgo cara á contratación de homes, aínda que máis discreto que os anteriores: un 59,8%.

TÁBOA 25: Contratos da
PROVINCIA de OURENSE por
grupos de ocupación e
intervalos de idade.

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Dirección de empresas e de administracións públicas	11	56	37	15	10	129
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	1.139	2.256	819	443	194	4.851
Técnicos e profesionais de apoio	1.042	1.734	552	187	68	3.583
Empregados de tipo administrativo	1.811	2.625	1.331	418	119	6.304
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	6.810	4.905	2.743	1.160	498	16.116
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	198	206	175	119	45	743
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	2.454	2.141	1.862	1.293	549	8.299
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.735	2.354	1.714	848	258	6.909
Traballadores non cualificados	5.180	5.121	3.763	2.083	635	16.782
TOTAL	20.380	21.398	12.996	6.566	2.376	63.716

O colectivo de menores de 26 anos é obxecto do 32% dos contratos globais. A contratación no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio sitúase moi por riba desta porcentaxe: o 42,3% dos contratos neste grupo realízanse a menores de 26 anos. En todos os demais grupos de ocupación o peso deste colectivo de idade é menor que a porcentaxe de referencia, destacando o baixo peso relativo dos contratos no grupo de dirección de empresas e de administracións públicas, cun 8,5%. Nos restantes grupos ocupacionais os contratos a menores de 26 anos representan as seguintes porcentaxes: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, 23,5%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 25,1%; traballadores cualificados na agricultura e na pesca, 26,6%; empregados de tipo administrativo, 28,7%; técnicos e profesionais de apoio, 29,1%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, 29,6%; e traballadores non cualificados, 30,9%.

Sobre o volume global de contratos, o 33,6% fanse a persoas de entre 26 e 35 anos. Tendo en conta esta referencia, destaca un importante número de grupos de ocupación en que a porcentaxe de contratos nestas idades é maior. Sería o caso de técnicos e profesionais de apoio, cun 48,4%; técnicos e profesionais

científicos e intelectuais, cun 46,5%; dirección de empresas e de administracións públicas, cun 43,4%; e empregados de tipo administrativo, cun 41,6%. No volume total de contratos a operadores de instalacións e maquinaria, este colectivo de idade representa o 34,1%, valor levemente superior ao peso global deste colectivo. Pola súa banda, os grupos de ocupación onde o peso dos contratos realizados a persoas de entre 26 e 35 anos é menor son os seguintes: artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 25,8%; traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 27,7%; e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 30,4%.

Os contratos realizados a persoas de entre 36 e 45 anos representan o 20,4% dos contratos totais. Porén, o peso destes contratos para o grupo de dirección de empresas e de administracións públicas presenta un valor moi superior, de 28,7%. Valores tamén superiores, aínda que máis discretos, aparecen nos seguintes grupos ocupacionais: operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 24,8%; traballadores cualificados na agricultura e na pesca, 23,6%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría e traballadores non cualificados, 22,4% cada un; e empregados de tipo administrativo, 21,1%. Pola contra, este colectivo de idade presenta un menor peso relativo na contratación dos seguintes grupos ocupacionais: técnicos e profesionais de apoio, 15,4%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, 16,9%; e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17%.

Malia representar só o 10,3% do conxunto dos contratos, o colectivo de 46 a 55 anos aglutina o 16% dos contratos do grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, e o 15,6% dos do grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría. O seu peso relativo tamén é superior, aínda que máis levemente, nos grupos ocupacionais de: traballadores non cualificados, 12,4%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 12,3%; e dirección de empresas e de administracións públicas, cun 11,6%. Para outros grupos ocupacionais o peso dos contratos a este colectivo de idade é inferior ao valor de referencia: especialmente no grupo de técnicos e profesionais de apoio, cun peso do 5,2%; pero tamén no de empregados de tipo administrativo, cun 6,6%; no de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 7,2%; e no de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 9,1%.

Os contratos a maiores de 55 anos suman o 3,7% da contratación global. No entanto, para tres grupos ocupacionais o peso dos contratos a este colectivo é claramente maior: no grupo de dirección de empresas e de administracións públicas os contratos a maiores de 55 anos representan o 7,8%; no grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, representan o 6,6%; e no de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, o 6,1%. Valores aproximados ao de referencia preséntanse no grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 4%; traballadores non cualificados, un 3,8%; e operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, con exactamente un 3,7%. No grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, o peso dos contratos a maiores de 55 anos é do 3,1%. Valor de 1,9 presentan os outros dous grupos ocupacionais: técnicos e profesionais de apoio e empregados de tipo administrativo.

5.5.- Formación ocupacional

TÁBOA 26: Número de alumnos e cursos de formación ocupacional da PROVINCIA de OURENSE por familias profesionais.

	Cursos		Alumnos	
	Núm.	%	Núm.	%
Agraria	10	2,7	158	2,7
Administración e oficinas	37	9,9	575	9,7
Artesanía	5	1,3	85	1,4
Automoción	5	1,3	80	1,4
Comercio	29	7,8	460	7,8
Docencia e investigación	3	0,8	45	0,8
Servizos ás empresas	109	29,2	1791	30,3
Edificación e obras públicas	14	3,8	229	3,9
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	5	1,3	41	0,7
Industrias alimentarias	10	2,7	152	2,6
Industrias gráficas	2	0,5	31	0,5
Información e manifestacións artísticas	1	0,3	16	0,3
Industria pesada e construcións metálicas	7	1,9	118	2,0
Industrias químicas	1	0,3	18	0,3
Industrias téxtiles	1	0,3	16	0,3
Industrias da madeira e a cortiza	3	0,8	48	0,8
Montaxe e instalación	4	1,1	59	1,0
Mantemento e reparación	1	0,3	18	0,3
Produción transferencia e distribución de enerxía e auga	3	0,8	49	0,8
Sanidade	32	8,6	507	8,6
Seguros e finanzas	27	7,2	393	6,7
Servizos á comunidade e persoais	37	9,9	585	9,9
Transportes e comunicacións	6	1,6	93	1,6
Turismo e hostalaría	21	5,6	335	5,7

A maior parte da formación ocupacional da provincia rexístrase na familia profesional dos servizos ás empresas, co 29,2% dos cursos e o 30,3% do alumnado; séguelle, a moita distancia, a familia dos servizos á comunidade e persoais, co 9,9% dos cursos e o 9,9% do alumnado, e a familia profesional de administración e oficinas, co 9,9% dos cursos e o 9,7% do alumnado. As familias profesionais menos impartidas son información e manifestacións artísticas e industrias téxtiles co 0,3% dos cursos e do alumnado respectivamente.



COMARCA da LIMIA

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Empresas	774	31	+2,7	35
Autónomos	1.530	26	+11,8	4
Asalariados	3.401	35	+0,4	44

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Demandas de parados	1.469	24	-3,7	22
Demandas de non parados	402	30	-6,5	21
Demandas totais	1.871	27	-4,3	22

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	918	23	62,5	21
Parados menores de 26 anos	131	32	8,9	53
Parados de longa duración >=26 anos	819	15	55,8	1

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	1.890	34	39,2	38
Contratos a menores de 26 anos	1.474	33	30,6	19
Contratos na industria	262	39	10,9	32
Contratos na construción	489	34	20,3	16
Contratos no comercio e hostalaría	495	34	20,5	19
Contratos no transporte e comunicacións	154	30	6,4	17
Contratos noutros servizos	863	32	35,8	25

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	230	33	-3,8	43
Contratos indefinidos t. parcial	51	30	+18,6	22
Contratos temporais	1.544	34	+8,1	15
Contratos temporais t. parcial	295	36	+6,9	40
Contratos prácticas/formación	218	21	+14,7	17
Contratos outros	72	44	+1,4	28
Contratos totais	2.410	33	+7,3	24

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	591	663
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	425	421
Peóns de industrias manufactureiras	325	373
Asistentes domiciliarios	228	251
Peóns da construción de edificios	155	167
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	151	164
Peóns do transp. e descargadores	189	158
Taquígrafos e mecanógrafos	183	155
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	143	154
Empregados do fogar	89	134

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns da construción de edificios	166
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	131
Peóns de industrias manufactureiras	110
Peóns do transp. e descargadores	82
Bombeiros	80
Albaneis e canteiros	76
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	66
Condutores de camións	62
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	55
Outros diversos trab. dos serv. de protección e seguridade	43

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	643
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	389
Peóns de industrias manufactureiras	263
Asistentes domiciliarios	250
Taquígrafos e mecanógrafos	136
Empregados do fogar	132
Empregados para o coidado de nenos	125
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	109
Auxs. de enfermaría hospitalaria	97
Caixeiros (agás bancos e correos)	84

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	63	90
Peóns de industrias manufactureiras	75	88
Peóns da construción de edificios	81	73
Albaneis e canteiros	79	70
Camareiros, barmans e asimilados	57	68
Condutores de camións	55	68
Taquígrafos e mecanógrafos	73	55
Compositores, músicos e cantantes	46	46
Peóns agrícolas	13	46
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	55	43

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns da construción de edificios	73
Condutores de camións	66
Albaneis e canteiros	65
Peóns de industrias manufactureiras	63
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	43
Compositores, músicos e cantantes	42
Peóns de obras púb. e mantemento estradas, presas e similares	35
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	30
Bombeiros	27
Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras	27

	Mulleres III-05 a II-06
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	64
Camareiros, barmans e asimilados	45
Taquígrafos e mecanógrafos	43
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	38
Asistentes domiciliarios	28
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	27
Peóns de industrias manufactureiras	25
Peóns agrícolas	22
Secretarios administrativos e asimilados	14
Caixeiros (agás bancos e correos)	12

5.2.- Tecido empresarial

5.2.1.- Empresas

TÁBOA 1: Empresas da COMARCA da LIMIA por sectores de actividade.

	Empresas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	66	71
Electricidade	1	1
Industria	109	112
Construción	172	161
Comercio e hostalaría	225	238
Transporte e comunicacións	36	38
Outros servizos	144	153
SECTOR PRIMARIO	66	71
SECTOR SECUNDARIO	110	113
SECTOR CONSTRUCCIÓN	172	161
SECTOR SERVIZOS	405	429
TOTAL	753	774

Nesta comarca destaca o decaemento das empresas da construción no último ano, cunha variación do -6,7%, por tratarse dunha das maiores minguas para este sector no conxunto das comarcas.

O peso relativo das empresas da construción descendeu o -2,1%, retroceso importante na Comunidade Autónoma; o peso relativo das empresas do comercio e hostalaría creceu o 0,9%, por riba da media galega.

5.2.2.- Traballadores autónomos

TÁBOA 2: Traballadores autónomos da COMARCA da LIMIA por sectores de actividade.

	Autónomos	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	206	234
Electricidade	1	1
Industria	145	160
Construción	321	360
Comercio e hostalaría	502	552
Transporte e comunicacións	65	76
Outros servizos	128	148
SECTOR PRIMARIO	206	234
SECTOR SECUNDARIO	146	161
SECTOR CONSTRUCCIÓN	321	360
SECTOR SERVIZOS	695	776
TOTAL	1.368	1.530

Os traballadores autónomos creceron o 11,8% no último ano, un dos incrementos máis salientables en Galicia. Os autónomos do sector dos servizos medraron cunha variación do 11,6%, por riba da media galega; dentro dos servizos, os autónomos do transporte e comunicacións sobresaen por crecer o 16,8%.

5.2.3.- Traballadores asalariados

TÁBOA 3: Traballadores asalariados da COMARCA da LIMIA por sectores de actividade.

	Asalariados	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	1.039	994
Electricidade	1	1
Industria	570	569
Construción	510	503
Comercio e hostalaría	572	628
Transporte e comunicacións	92	97
Outros servizos	604	609
SECTOR PRIMARIO	1.039	994
SECTOR SECUNDARIO	571	570
SECTOR CONSTRUCCIÓN	510	503
SECTOR SERVIZOS	1.268	1.334
TOTAL	3.388	3.401

Nesta comarca destaca o incremento dos traballadores asalariados do comercio e hostalaría, de variación 9,9%, por estar entre os máis importantes para o conxunto das comarcas.

5.3.- Demandas

5.3.1.- Demandas por situación laboral, sexo e idade

TÁBOA 4: Demandantes de traballo da COMARCA da LIMIA por situación laboral.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados	1.525	1.469
Non parados, ocupados	170	164
Non parados, desempregados	226	201
Non parados, traballadores agrarios	34	37
